- Identificación dos pasos de Semana Santa como imaxes que recordan a historia de Xesús.
- Actitude de alegría por poder acompañar a Xesús no Domingo de Ramos.

Unidade 7

- O Neno Xesús, un grande amigo.
- Identificación do Neno Xesús como un amigo.
- Actitude de alegría por poder contar cun amigo como o Neno Xesús.
- A oración como diálogo con Deus.
- Recoñecemento de imaxes que mostren escenas de oración.

- Valoración da importancia de poder falar con Deus.
- O relato bíblico: «Xesús rézalle ao seu Pai Deus».
- Diferenciación das figuras de Xesús e Deus Pai.
- Interese por coñecer o modo en que Xesús se relaciona co seu Pai Deus
- Oración de agradecemento a Deus por poder falar con El.
- Distinción entre actitudes de oración e outro tipo de actividades.
- Alegría por poder falar con Deus a través da oración.

Unidade 8

- Obxectos que axudan a sentirse máis cerca de Xesús.
- Identificación de obxectos relacionados con Xesús.
- Actitude de alegría por saber que hai obxectos que nos acercan a Xesús.
- Obxectos que recordan a Xesús.
- Diferenciación, entre varios obxectos dados, daqueles que están relacionados con Xesús.
- Valoración da importancia dos obxectos que nos recordan a Xesús.
- O relato bíblico: «Xesús le no templo».
- Recoñecemento do motivo polo que Xesús entra no templo.
- Interese por coñecer as tradicións da época de Xesús.
- Oración de agradecemento a Xesús polos obxectos que axudan a recordalo.
- Distinción entre xoguetes e obxectos relacionados con Xesús.
- Gozo por expresar unha oración de agradecemento coa axuda dunha imaxe relixiosa.

Unidade 9

- A alegría que proporcionan as cancións e a música.
- Recoñecemento das cancións como un medio de expresar amor.
- Actitude de alegría por poder cantar cancións.
- Xesús, fillo de Deus e amigo noso.

- Identificación do instrumento musical que recibe Xesús dos nenos.
- Valoración da importancia de ter a Xesús como amigo.
- O relato bíblico: «Xesús e os nenos».
- Identificación dos xestos de amor e alegría que expresan Xesús e os nenos.
- Interese por saber como chega a ser Xesús amigo dos nenos.
- Oración de agradecemento a Xesús por poder cantarlle e ser o noso amigo.
- Identificación de instrumentos musicais cos que poder cantar a Xesús.
- Satisfacción por poder expresar unha oración a través da música.

5º curso de Educación Infantil

Unidade 1

- Xestos e expresións de agradecemento.
- Principais xestos relixiosos.
- O relato bíblico de “Xesús rézalle a Deus”.
- Gratidade a Deus.
- Oración de agradecemento a Deus.
- Audición dun conto e identificación nel de xestos de amor e proximidade.
- Elaboración de traballos plásticos que expresan cariño e amizade.
- Representación de si mesmo rezando a Deus.
- Expresión corporal dunha oración.
- Apreciación derivada de escoitar con interese un conto.
- Interiorización da importancia de realizar xestos de amor.
- Aprecio do esforzo que supón realizar con interese os debuxos.
- Valoración dos xestos relixiosos.

Unidade 2

- A familia, os amigos e a escola.

- A Igrexa, familia de Deus.
- O relato bíblico de “O Neno Xesús no templo”.
- Oración de agradecemento a Deus polo regalo da Igrexa.
- Observación de imaxes sobre xestos de amor e amizade entre amigos.
- Elaboración de actividades plásticas de coloreado e pegado de adhesivos.
- Expresión corporal dunha oración.
- Actitude de admiración ao descubrir xestos de amor na familia e cos amigos.
- Interese por coñecer a gran familia de Deus e por formar parte dela.
- Agradecemento a Xesús por ensinarnos co seu exemplo a formar parte da Igrexa.
- Alegría por expresar unha oración.

Unidade 3

- Motivos do Nadal.
- Nacemento de Xesús en Belén.
- A adoración dos pastores e os Reis.
- Oración de agradecemento ao Neno Xesús.
- Observación e identificación do portal de Belén e dos seus personaxes, a través de distintas actividades plásticas.
- Observación e identificación dos pastores e os Reis que aparecen xunto ao portal de Belén.
- Representación de escenas onde se ofrecen agasallos ao Neno Xesús.
- Valoración do esforzo ao colorear correctamente os debuxos.
- Toma de conciencia da importancia de realizar con interese os traballos de clase.
- Respecto por gardar a quenda de palabra nun diálogo.
- Actitude de alegría por levarlle agasallos ao Neno Xesús.

Unidade 4

- O amor e o coidado cara ás persoas que nos rodean.

- Xesús ensina a coidar dos demais e a se preocupar deles.
- O relato bíblico de “O bo samaritano”.
- Oración de axuda e coidado cara aos demais.
- Comprensión dun relato onde os personaxes comparten os seus alimentos.
- Secuenciación de viñetas.
- Identificación dun personaxe que demostra amor e preocupación cara aos demais.
- Elaboración de distintos traballos plásticos de repaso, coloreado, etc.
- Admiración cara aos bos xestos de amor e coidado que realizan as persoas.
- Interese por descubrir como Xesús nos ensina a coidar as persoas e a preocuparnos delas.
- Actitude reflexiva ante a lectura do relato bíblico.
- Gusto por recitar oracións.

Unidade 5

- A beleza da natureza.
- A obra de Deus.
- O relato bíblico de “Deus coida dos paxaros e das flores do campo”.
- Oración de agradecemento a Deus polas flores e os animais.
- Elaboración de traballos plásticos de debuxo e pegado de boliñas de papel.
- Identificación de actitudes de colaboración na obra de Deus.
- Imitación de xestos de coidado dos animais e as plantas.
- Actitude de escoita ante o conto.
- Toma de conciencia da importancia de colaborar no coidado da natureza.
- Respecto e colaboración na obra de Deus.
- Agradecemento a Deus polo agasallo da natureza.

Unidade 6

- Cambios que se producen na natureza.

- Principais acontecementos da celebración da Semana Santa.
- O relato bíblico de “A morte e resurrección de Xesús”.
- Oración para mostrar a alegría pola resurrección de Xesús.
- Observación dos cambios que se producen na natureza e diálogo sobre eles.
- Elaboración de distintos traballos plásticos.
- Expresión corporal dunha oración.
- Curiosidade por coñecer os cambios que se producen na natureza.
- Interese por descubrir os acontecementos que se celebran en Semana Santa.
- Interese por escoitar o relato bíblico de “A morte e resurrección de Xesús”.
- Alegría por expresar unha oración”.

Unidade 7

- Gratidade a Deus e ás persoas.
- Diferentes tipos de oración: petición, acción de grazas e bendición.
- O relato bíblico “A oración na primeira comunidade”.
- Oración de acción de grazas.
- Identificación da importancia de dar as grazas.
- Discriminación de diferentes xestos relixiosos.
- Identificación dos xestos que mostren unha actitude de oración.
- Imitación de xestos relixiosos ao expresar unha oración.
- Valoración da importancia de dar as grazas.
- Interese por coñecer diferentes tipos de oracións.
- Curiosidade por escoitar un relato bíblico.
- Gusto por dar grazas a Deus.

Unidade 8

- Obxectos do contorno.

- Obxectos relacionados coa Virxe María.
- Relato bíblico de “A fuxida a Exipto”.
- Oración á Virxe María.
- Identificación de diferentes obxectos do contorno.
- Elaboración de traballos plásticos de coloreado e construción dun quebracabezas.
- Recitado dunha oración mediante a expresión corporal.
- Curiosidade por coñecer os obxectos do contorno.
- Interese por descubrir os obxectos relacionados coa Virxe María.
- Admiración ante a escoita dun relato bíblico.
- Alegría por expresar verbal e corporalmente unha oración á Virxe.

Unidade 9

- As cancións como mostra de amor e alegría.
- María, Nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- O relato bíblico de “A presentación de Xesús no templo”.
- A oración a María a través da música.
- Identificación da importancia das cancións como expresión de amor.
- Elaboración de distintos traballos plásticos.
- Discriminación de distintos tipos de edificios.
- Expresión musical e corporal dunha canción a María.
- Gusto por cantar cancións.
- Interese por descubrir a María como Nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- Curiosidade por coñecer un relato bíblico.
- Alegría por expresar unha oración a través da música.

6º curso de Educación Infantil

Unidade 1

- Medios para manterse san.
- A saúde, un grande agasallo de Deus.
- O relato bíblico de “Xesús cura un cego”.
- Oración de agradecemento a Deus por coidar de nós.
- Elaboración de distintos traballos plásticos relacionados coa alimentación sa.
- Observación dunha imaxe dunha curación de Xesús.
- Recitado dunha oración de agradecemento a Deus.
- Interese por practicar hábitos saudables.
- Gozo na elaboración dos traballos de clase.
- Actitude de escoita ante os relatos.
- Admiración cara a Deus por todos os agasallos que nos fai e por axudarnos a conservar a saúde.

Unidade 2

- Elementos da natureza relacionados co Bautismo: auga, luz, aceite...
- O sacramento do Bautismo que nos fai fillos de Deus.
- O relato bíblico de “O bautismo de Xesús”.
- Oración de agradecemento a Xesús pola auga que nos dá vida.
- Elaboración de distintos traballos plásticos relacionados co Bautismo.
- Observación e identificación de obxectos relacionados co Bautismo.
- Expresión corporal dunha oración de agradecemento polos beneficios que achega o Bautismo.
- Toma de conciencia da importancia da auga para a vida dos seres vivos.
- Interese por coñecer o sacramento do Bautismo.
- Atención ao escoitar un relato bíblico.

- Actitude de agradecemento por poder ser bautizados e así ser fillos de Deus e membros da Igrexa.

Unidade 3

- A festa de Nadal e os motivos da súa celebración.
- Os cristiáns e o Nadal.
- O relato bíblico de “O nacemento de Xesús”.
- Oración de agradecemento a Deus pola festa de Nadal.
- Elaboración de traballos plásticos para identificar accións ou personaxes que comparten.
- Realización de adornos de Nadal.
- Recitado dunha oración de agradecemento e de petición.
- Interese por participar con alegría nas festas do Nadal.
- Curiosidade por descubrir como celebran os cristiáns a festa de Nadal.
- Valoración dos traballos realizados na clase.
- Actitude de respecto polas oracións recitadas na clase.

Unidade 4

- Xestos de amor entre as persoas.
- Deus ama e perdoa sempre.
- O relato bíblico de “A ovella perdida”.
- Oración de acción de grazas polo amor de Deus.
- Respostas a cuestións formuladas sobre as actitudes de amor e cariño na narración.
- Repaso de elementos relixiosos que simbolizan o amor de Deus.
- Elaboración de distintos traballos plásticos para identificar os distintos xestos ao recitar unha oración.
- Alegría ao experimentar o amor e o perdón das persoas que nos queren.
- Respecto e admiración cara á Biblia e cara aos relatos que se narran nela.

- Interese por aprender e escoitar o relato bíblico.
- Deseo de dar grazas a Deus por regalarnos o seu amor.

Unidade 5

- Elementos da natureza, distinguindo aqueles que se utilizan nas celebracións cristiás.
- O relato bíblico de “As vodas de Caná”.
- Oración de agradecemento a Deus por todo o que ofrece a natureza.
- Observación e identificación de elementos da natureza.
- Diálogo sobre aqueles elementos da natureza que se utilizan nas celebracións cristiás.
- Comprensión e reprodución dun relato bíblico.
- Expresión de gratitude a Deus con expresión corporal.
- Gozo por observar a natureza.
- Interese por coñecer elementos da natureza nas celebracións cristiás.
- Actitude relaxada e de escoita dun relato bíblico.
- Pracer por imitar xestos de agradecemento nunha oración.

Unidade 6

- A importancia de formar parte dunha familia onde se comparte.
- A festa do domingo.
- O relato bíblico de “A Última Cea de Xesús”.
- Oración para mostrar a alegría pola festa do domingo.
- Diálogo sobre a importancia de pertencer a unha familia onde todos comparten.
- Elaboración de distintos traballos plásticos para a identificación de elementos relacionados coa festa do domingo.
- Expresión corporal dunha oración.
- Valoración da importancia de compartir en familia.
- Interese por descubrir a festa do domingo.

- Interese por escoitar o relato bíblico de “A Última Cea de Xesús”.
- Alegría por expresar unha oración pola festa do domingo.

Unidade 7

- A importancia de falar con Deus Pai.
- As principais oracións cristiás: *nosopai* e *avemaría*.
- O relato bíblico de “Xesús ensina a rezar o *nosopai*”.
- Oración de agradecemento a Xesús por ensinarnos a rezar.
- Diálogo sobre a importancia de falar con Deus.
- Identificación de xestos que mostran unha actitude de oración.
- Elaboración de distintos traballos plásticos.
- Imitación de xestos relixiosos sobre os contidos dunha oración.
- Valoración da importancia de rezarlle a Deus.
- Interese por coñecer as principais oracións cristiás.
- Curiosidade por escoitar un relato bíblico.
- Gusto por recitar unha oración de agradecemento a Xesús.

Unidade 8

- Os obxectos relixiosos do contorno.
- Os obxectos relixiosos da igrexa.
- O relato bíblico de “O templo de Salomón”.
- Oración a Xesús e María polos obxectos que nos lembran o seu amor.
- Observación dun edificio relixioso.
- Diálogo sobre os obxectos relixiosos do interior dunha igrexa.
- Elaboración de distintos traballos plásticos de amor a María.
- Interese por identificar obxectos relixiosos da igrexa.
- Curiosidade por descubrir a cruz como símbolo cristián.

- Actitude de escoita ante un relato bíblico.
- Valoración dos obxectos que nos lembran a Xesús e a María por medio dunha oración.

Unidade 9

- Xestos para axudar e compartir coas persoas que nos rodean.
- Modelos cristiáns de comportamentos.
- O relato bíblico de “A multiplicación dos pans e os peixes”.
- Oración de agradecemento a Xesús por ensinarnos a compartir.
- Diálogo sobre a importancia de realizar xestos para compartir cos demais.
- Elaboración de traballos plásticos para identificar xestos para compartir.
- Toma de conciencia da importancia de axudar e compartir coas persoas que nos rodean.
- Interese por recoñecer modelos cristiáns de comportamentos.
- Curiosidade por coñecer un relato bíblico onde Xesús ensina a compartir.
- Alegría por expresar xestos de agradecemento a Xesús por medio dunha oración.

5. ACTIVIDADES

Xunto á reprodución da ficha do libro do alumno que se traballa, desenvólvese a axeitada explicación desta do seguinte xeito:

- Actividades previas: que aproximan e centran ó alumno no traballo que vai desenvolver.
- Actividades de ficha: as que se inclúen no seu reverso.
- Outras actividades: unha serie de actividades complementarias que axudan ó profesor a sacar o máximo rendemento ó libro do alumno.
- Actividades para a oración: que orientan ó profesorado no desenvolvemento da oración co fin de afianzar a expresión corporal.

6. TEMPORALIZACIÓN

1º trimestre – temas 1,2,3. Dende o 9 de setembro ata o 21 de decembro.

2º trimestre – temas 4,5,6. Dende o 8 de xaneiro ata o 8 de abril.

3º trimestre – temas 7,8,9. Dende o 19 de abril ata o 22 de xuño.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios na avaliación infantil pretenden ser uns indicadores na avaliación continua e na observación dos nenos e nenas para poder reconducir a súa propia aprendizaxe. Coñecer aos nenos e axudarlles no seu crecemento é o criterio esencial. Calquera avaliación que se pretenda nesta etapa realizárase globalmente coas mutuas observacións e informacións dos restantes ámbitos de experiencia.

Serán:

1. Saber observar os referentes relixiosos do seu arredor.
2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.
3. Respetar os signos e símbolos relixiosos do seu arredor.
4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
5. Adquirir o gusto polo bo obrar.
6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.

Con respecto aos criterios específicos para cada unha das unidades didácticas segundo os cursos, serán:

4º curso de Educación Infantil

Unidade 1

- Identifica os elementos da natureza.
- Distingue, entre os elementos da natureza, os animais e as plantas.

- Descubre como creou Deus a natureza a través do relato bíblico: «A Creación».
- Identifica medios e utensilios empregados no coidado da natureza.

Unidade 2

- Diferencia as partes do corpo que se utilizan para xogar.
- Imita xestos relixiosos empregando diferentes partes do corpo.
- Identifica a Adán e a Eva, e diferéncias.
- Expresa unha oración coa axuda da expresión corporal.

Unidade 3

- Demostra alegría polo nacemento de Xesús.
- Nomea o lugar onde naceu o Neno Xesús.
- Identifica os personaxes do belén.
- Dálle grazas ao Neno Xesús por nacer e poder cantarlle panxoliñas.

Unidade 4

- Describe as funcións dos membros dunha familia.
- Identifica a Virxe María e San Xosé.
- Coñece o motivo polo que a familia de Xesús fuxiu a Exipto.
- Distingue comportamentos de axuda e colaboración na familia.

Unidade 5

- Recoñece a necesidade de compartir e de demostrar amor aos demais.
- Identifica comportamentos que implican amar e compartir.
- Distingue a persoa que realiza un xesto de amor e a que o recibe.
- Diferencia entre xestos de amor e outros que non demostran cariño.

Unidade 6

- Identifica o Domingo de Ramos como unha festa dedicada a Xesús.
- Recoñece a palma como un símbolo do Domingo de Ramos.

- Coñece o acontecemento da vida de Xesús que se conmemora o Domingo de Ramos.
- Expressa unha oración de agradecemento a Xesús.

Unidade 7

- Distingue e é capaz de reproducir distintos xestos de oración.
- Identifica a oración como un medio para falar con Deus.
- Expressa o contido do relato bíblico a través do diálogo en grupo.
- Expressa unha oración de agradecemento a Deus axudado pola expresión corporal.

Unidade 8

- Enumera obxectos que axudan a sentirse máis cerca de Xesús.
- Identifica, entre varios obxectos, os relacionados con Xesús.
- Describe o momento da vida de Xesús que se narra no relato bíblico: «Xesús le no templo».
- Expressa agradecemento a Deus utilizando obxectos que recordan a Xesús.

Unidade 9

- Recoñece os aspectos positivos da música.
- Identifica a Xesús como fillo de Deus e amigo noso.
- Explica o contido do relato bíblico: «Xesús e os nenos».
- Expressa unha oración a través da música.

5º curso de Educación Infantil

Unidade 1

- Recoñece xestos que manifestan amor e cariño cara aos seus semellantes.
- Observa diferentes xestos relixiosos.
- escoita con atención e recita o relato bíblico de “Xesús rézalle a Deus”.
- Representa diferentes xestos relixiosos.

Unidade 2

- Describe xestos e comportamentos de amor e cariño que se dan nunha verdadeira familia.

- Identifica e colorea imaxes sobre a Igrexa.
- escoita con interese o contido que se traballa na unidade.
- expresa con xestos unha oración.

Unidade 3

- Describe a alegría do Nadal.
- escoita con interese o contido que se traballa na unidade.
- Recoñece os pastores e os Reis Magos.
- expresa xestos de agradecemento ao Neno Xesús.

Unidade 4

- escoita con interese un conto sobre como os alumnos comparten os seus alimentos.
- Completa un relato secuenciando viñetas.
- contesta preguntas sobre o relato bíblico de “O bo samaritano”.
- Valora a axuda e o coidado cara aos amigos expresando unha oración con palabras e xestos.

Unidade 5

- Identifica e nomea elementos da natureza.
- Relaciona imaxes de plantas e animais cos coidados necesarios para medrar.
- escoita con interese o relato bíblico e conversa sobre el.
- Recita unha oración de agradecemento a Deus polas flores e os animais, con xestos.

Unidade 6

- Recoñece e nomea os cambios que se producen na natureza.
- expresa o que se conmemora en Semana Santa.
- escoita con atención o relato bíblico de “A morte e resurrección de Xesús”.
- Recita unha oración para mostrar a alegría da resurrección de Xesús.

Unidade 7

- Dialoga sobre a importancia de dar grazas a Deus e ás persoas.

- Identifica diferentes tipos de oracións.
- escoita con atención o relato bíblico “A oración na primeira comunidade”.
- expresa unha oración de acción de grazas.

Unidade 8

- Enumera obxectos do contorno.
- Identifica e nomea obxectos relacionados coa Virxe María.
- escoita con atención o relato bíblico de “A fuxida a Exipto”.
- Recita e expresa con xestos unha oración á Virxe María.

Unidade 9

- sinala os aspectos máis positivos que ofrecen as cancións.
- Identifica a María como Nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- escoita con atención o relato bíblico de “A presentación de Xesús no templo”.
- expresa unha oración por medio da música.

6º curso de Educación Infantil

Unidade 1

- Diferencia alimentos bos e saudables dos que non o son.
- Identifica alimentos que nos axudan a medrar e a estar sans e fortes.
- escoita o relato de “Xesús cura un cego”.
- Valora os alimentos saudables como un agasallo de Deus.

Unidade 2

- Enumera situacións nas que os seres vivos necesitan auga.
- Identifica obxectos relacionados co Bautismo.
- Identifica a Xesús e a Xoán Bautista no relato bíblico.
- expresa con xestos unha frase de agradecemento polo Bautismo.

Unidade 3

- Colabora con alegría nas festas de Nadal.
- Identifica e nomea adornos de Nadal.
- Conta o máis importante do relato de “O nacemento de Xesús”.
- Expressa unha frase de agradecemento a Xesús pola festa de Nadal.

Unidade 4

- Dialoga sobre a importancia de se arrepentir cando se comporta mal.
- Identifica a Biblia como o libro que narra o amor de Deus.
- escoita con interese o relato de “A ovella perdida”.
- Imita algún xesto de agradecemento ao amor de Deus.

Unidade 5

- Identifica algúns elementos da natureza.
- Recoñece os obxectos da natureza que se utilizan nas celebracións cristiás.
- Identifica elementos da natureza nun relato bíblico.
- Recita unha oración de agradecemento a Deus pola natureza e o que nos ofrece.

Unidade 6

- Recoñece os beneficios que achega o formar parte dunha familia.
- Nomea os membros principais da súa familia.
- Identifica os elementos principais da festa do domingo.
- escoita con atención o relato bíblico de “A Última Cea de Xesús”.
- Recita unha oración para mostrar a alegría pola festa do domingo.

Unidade 7

- Dialoga sobre a importancia de falar con Deus.
- Nomea e recita as principais oracións cristiás.
- escoita con atención o relato bíblico de “Xesús ensina a rezar o Nosopai”.

- Recita unha oración de agradecemento a Xesús.

Unidade 8

- Sinala e nomea algúns obxectos relixiosos do contorno.
- Identifica a cruz como o obxecto cristián máis importante.
- escoita con atención o relato bíblico de “O templo de Salomón”.
- Recita unha oración a Xesús e María polos obxectos que nos fan lembralos.

Unidade 9

- Enumera xestos para axudar e compartir.
- Sinala bos comportamentos cristiáns.
- escoita con interese o relato bíblico de “A multiplicación dos pans e os peixes”.
- Interioriza unha oración por medio da expresión corporal.

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Na etapa de Educación Infantil a técnica para avaliar fundamental é a observación, inda que non podemos descartar outras como a entrevista ou a conversación. O resultado das aprendizaxes destes alumnos afectan a aspectos do seu comportamento persoal que non son susceptibles de seren comprobados e avaliados a través dun feito puntual ou dunha situación concreta particular.

Por medio da observación continua obteremos información cualitativa centrada na interacción cos compañeiros, en relación cos contidos didácticos, e coa conduta persoal tanto a nivel afectivo como social.

9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

A metodoloxía será activa, global e baseada na observación e na experimentación. O

fundamental é que o propio neno se vaia facendo un ser autónomo e desenvolva a súa personalidade como ser único e orixinal. Para iso potenciaremos globalmente todas as capacidades e aprendizaxes individuais. Outro aspecto moi importante é que cada neno e cada nena evolucione ao seu propio ritmo de crecemento, xa que así as actividades lle resultarán mais motivadoras e influirán no seu desenvolvemento despertando o seu interese. Será mediante a devandita motivación, para todas e cada unha das actividades, como o neno se sentirá ilusionado e a gusto na clase. Así mesmo, consideramos ao neno como un ser activo, dándolle moita importancia á creatividade, experimentación e descubrimento. A dinámica basearase no xogo, o neno aprenderá xogando, xa que é parte integrante da súa vida, e a través del pon de manifesto tanto a súa intelixencia como a súa afectividade. E todo iso estará baseado na socialización como punto básico de toda educación, sobre todo en infantil, pois son idades nas que debe afacerse a convivir con outros nenos, a ser un pouco independente e saber solucionar en grupo ou individualmente os problemas cotiáns. Tamén será considerado o erro non como algo negativo, senón como medio de aprender e de investigar cousas novas.

10. MATERIAIS E RECURSOS

Como material editado básico para a etapa de educación infantil utilizaranse textos da editorial Anaya. De igual xeito serán utilizados na aula outros materiais editados, tanto textuais como audiovisuais ou informáticos, proporcionados por ONGs como Manos Unidas, Entreculturas ou Intermón-Oxfam, especialmente elaborados para os cursos da Educación Infantil.

Ademais destes dous tipos de material faremos uso de diverso material de aula que sexa atractivo e significativo e nos sirva para traballar aspectos como o desenvolvemento de destrezas, habilidades e coordinación, así como os aspectos cognitivos e socio-afectivos. Desta maneira atoparémonos con diferentes tipos de xogos, dominós, crebacabezas, material de expresión plástica, disfraces... e material funxible de uso común: lapis, pinturas, bolígrafos, rotuladores,

ceras, xices, papeis...

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Unha vez establecidas as estratexias reguladas normativamente que o Centro porá en marcha para adecuar os elementos prescriptivos do currículo ao seu contexto particular co obxectivo de dar a resposta educativa mais inclusiva e normalizada posible aos diferentes niveis de competencia curricular, capacidades, expectativas, motivacións, ritmos e estilos de aprendizaxe, así como as diferenzas sociais e culturais do alumnado do centro, na aula procederase a flexibilización atendendo ás características individuais de cada un dos nenos e nenas. Buscamos que cada un se desenvolva na propia personalidade, única e orixinal, e atenderemos as necesidades educativas especiais de maneira individualizada, ben sexa a través de adaptacións, modificacións, reforzos ou ampliacións. Buscarase sempre conseguir actuacións pedagóxicas eficientes para alumnos diferentes, ofrecer a cada alumno e a cada alumna a axuda pedagóxica que necesiten, axustando a intervención educativa a individualidade de cada un. Concretamente na Educación Infantil atoparémonos fronte a uns nenos e nenas que, pola súa idade, favorecerán a detección de casos sobre os que actuar, tanto no presente como de cara ao futuro. Polo tanto, a práctica diaria adecuarase ás necesidades e características do alumnado, entendendo a diversidade como un medio de enriquecemento e non como un obstáculo a superar.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

No marco do plan global de centro sobre as tecnoloxías da información e da comunicación, integrar as TIC no proceso educativo é unha aposta ineludible. Por iso, xunto coas formas tradicionais de aprendizaxe, serán incorporados na práctica da aula materiais interactivos que complementen aos anteriores.

Nesta etapa de Educación Infantil o achegamento as tecnoloxías da información e da

comunicación limitarase a un nivel moi básico:

- Sentar as bases dunha educación tecnolóxica a través do uso periódico dos ordenadores.
- Interiorizar o funcionamento do ordenador poñendo en práctica as normas básicas de uso: acendido/apagado, manexo do rato...
- Manexo de diferente Software educativo adecuado a etapa de Educación Infantil.

13. ENSINO NON PRESENCIAL

Chegado o caso as tarefas a realizar polo alumnado se determinarán preferentemente a través da aula virtual do centro garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

Para a comunicación cos alumnos e as familias se utilizarán preferentemente as plataformas e medios telemáticos corporativos e mais concretamente o correo electrónico.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A escola é un lugar privilexiado de convivencia. É un espazo de crecemento, de encontro, de aprendizaxe, de experiencias compartidas, de recoñecemento dos outros e de descubrimento do mundo. Podemos atopar nela as situacións conflitivas da sociedade, pero tamén as posibilidades de superación e integración que favorecen os ambientes educativos. Son estes últimos aspectos os que imos potenciar, porque a escola é, sen dúbida algunha, un taller insuperable para aprender a convivir.

Buscaremos que os nenos e as nenas medren, aprendan e maduren xuntos, nun ambiente educativo desa convivencia, para facer deles cidadáns capaces de asumir as diferenzas, respectar aos outros, dialogar e convivir. O obxectivo primordial será crear un clima de respecto e harmonía, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados.

Partindo desta base, tenderemos a proxectar no alumnado valores cristiáns e humanos de

respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia.

15. EDUCACIÓN EN VALORES

O sistema educativo debe recoller e potenciar os valores que se requiren para vivir en sociedade dunha forma libre, responsable e igualitaria.

A área de Relixión e Moral Católica os asume e os fundamenta dende unha perspectiva cristián.

Estes temas transversais están presente ó longo de todo o proxecto educativo:

- Están presente nas actividades iniciais das diferentes unidades didácticas.
- Están implicados en diversas actividades de aplicación.
- Están vinculados ós contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

Educación para convivencia (moral e cívica).

A partir desta área derivan actitudes nos nenos e nenas de tolerancia, respecto e non discriminación. Aquí é importante subliñar os valores cristiáns de amor, caridade, unión, comunidade, perdón, solidariedade, comprensión, universalidade, etc., como o aporte cristián a unha cultura universal da igualdade.

Educación para a paz.

A mensaxe de Xesús é unha mensaxe de paz: “Deixovos a miña paz...”, “Que a paz sexa convosco”... Esta área é un pilar fundamental para fomentar unha cultura de paz.

Educación non sexista.

Temos que destacar que para o cristianismo todos/as somos iguais, é destacable que Deus elixiu mulleres para misión moi especiais: María, Éster, Xudit, Teresa de Xesús, etc.

Educación multicultural.

É importante destacar o papel da Igrexa e dos valores cristiáns á hora de abolir a escravitude e

para loitar polos dereitos dos pobos aborixes, e tamén unha crítica para os momentos nos que non foi así.

Destacar que a Igrexa actual é unha institución na que caben tódalas razas, tódalas linguas, tódalas nacionalidades...

Por outra banda hai que educar na actitude de respecto cara outras culturas e credos, fomentando a visión da diversidade como unha das riquezas máis valiosas do ser humano.

Educación medioambiental.

O coidado do planeta é un dos presupostos básicos da mensaxe cristiá. Somos depositarios da Creación, regalo de Deus, para nós e para todas as xeracións futuras.

Educación para o desenvolvemento.

A opción preferente polos pobres presente no Evanxeo educa na gratuidade, na xenerosidade, na solidariedade e na sensibilización polos problemas dos mais desfavorecidos. Traballar na construción dun mundo mellor para todos é unha esixencia evanxélica.

Todos estes temas poden ser enunciados como a atención explícita a educación en valores:

- Sensibilización cara aos valores da amizade e a convivencia.
- Valor de compartir cos amigos o cariño e as cousas que temos.
- Compromiso de respecto e coidado da natureza e das persoas.
- Fomento de comportamentos cívicos relacionados coa convivencia.
- Valor da convivencia social, escolar e familiar.
- Valor dos regalos pola súa gratuidade, e como oportunidade para as actitudes relixiosas da xenerosidade e de compartir.
- Importancia da familia como o lugar onde os nenos se desenvolven afectivamente, persoal e socialmente.
- Iniciación na adquisición de responsabilidades e compromisos no seo da familia.

- Interese polas manifestacións relixiosas e culturais.
- Valor da festa como portadora de alegría, descanso e relación cos outros.
- Recoñecemento inicial da dignidade de todos os seres humanos.
- Sensibilización inicial respecto á situación dos mais desfavorecidos.
- Valor dos libros como fonte de coñecemento, de entretemento e de pracer.
- A paz e a cooperación como espazo para a convivencia.

E atendendo a educación emocional:

- Iniciación á relación cos outros nenos e nenas e a respectar aos seus compañeiros e compañeiras como iguais.
- Orientación cara á superación dos propios conflitos.
- Desenvolvemento da capacidade de contemplar, admirar e gozar da grandeza e beleza do universo.
- Recoñecemento inicial da dignidade de todos os seres humanos.
- Desenvolvemento de sentimentos solidarios e da inclinación a compartir.
- Sentido de alegría que suscitan as festas de Nadal.
- Desenvolvemento do espírito familiar nos sentimentos e experiencias dos nenos.
- Desenvolvemento da autoestima a partir da súa achega ao ambiente familiar.
- Coñecemento das propias capacidades e interese en desenvolve-las.
- Apertura á transcendencia e aos símbolos e signos que a manifestan.
- Aprecio de todo o que proporciona un ambiente alegre e posibilita gozar das cousas sinxelas e a compañía dos demais.
- Saber agradecer todo aquilo do que dispoñemos.
- Dispoñibilidade progresiva a mostrar certos xestos de xenerosidade e solidariedade.
- Desenvolvemento da capacidade de se poñer no lugar do outro.
- Desenvolvemento da capacidade para usar responsablemente os elementos da natureza.

- Desenvolvemento de comportamentos respectuosos na igrexa.
- Desenvolvemento da confianza en Deus e nos demais.
- Interese por aprender a ler e esperanza en conseguilo.
- Adquisición de hábitos que inciden no exercicio da paz na vida diaria.
- Iniciación no sentido e valor da festa.
- Adquisición de hábitos relacionados co perdón.
- Valor do amor como orixe e culminación de todos os valores.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o presente curso académico non se programan actividades complementarias ou extraescolares específicas para a área de Relixión e Moral Católica na etapa de Educación Infantil; mais colaboraremos e participaremos de maneira activa e dentro das posibilidades concretas en todas aquelas que sexan propostas pola comisión de actividades extraescolares do centro.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Ao finalizar cada unidade didáctica levarase a cabo unha avaliación da mesma, seguindo unha batería de preguntas (sobre a temporalización, o desenvolvemento dos obxectivos didácticos, o manexo dos contidos, os descritores e desempeños competenciais, as tarefas e estratexias metodolóxicas, os criterios de avaliación e a súa claridade, as evidencias dos estándares de aprendizaxe, a adopción adecuada das posibles medidas de atención á diversidade...) que permitan valorar o funcionamento na aula e poder así establecer estratexias de mellora.

De igual xeito, este proceso realizarase ao final de cada trimestre para avaliar a programación didáctica no seu conxunto e poder introducir cambios no seguinte trimestre.

PROGRAMACION EDUCACIÓN PRIMARIA

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN	
2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS	
3. OBIECTIVOS	
4. CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE	
4.1. TEMPORALIZACIÓN	
4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	
4.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	
6. MATERIAIS E RECURSOS	
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN	
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	
9. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	
10. CONCRECIÓN DO PLAN TIC	
11. ENSINO NON PRESENCIAL.....	
12. TEMAS TRANSVERSAIS	
13. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR	
14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	
15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS QUE SE POIDAN ADOPTAR	

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Neste sentido establece unha nova ordenación curricular que, no caso da materia de Relixión e Moral Católica compete á Conferencia Episcopal.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A Lei Orgánica de Mellora da Calidade da Educación, confire ao ensino das relixións o tratamento académico, en Educación Primaria, Secundaria e Bachillerato, que lles corresponde pola súa importancia para o logro da educación integral do alumno, conforme ao previsto na Constitución Española (art. 27.2 e 3) e nos acordos subscritos polo Estado español.

A Disposición Adicional Segunda responde ao dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas conviccións, establecendo que a relixión católica incluírase como área ou materia nos niveis educativos que corresponda, que será de oferta obligatoria para os centros e de carácter voluntario para os alumnos.

O currículo do ensino da relixión católica, establecido pola Conferencia Episcopal Española, e publicado no BOE con data de 24 de febreiro de 2015, constitúe unha

síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do gran acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos en diálogo coa cultura do noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, que se presenta no currículo, fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e no tempo de cada etapa.

Non podería existir unha formación integral e, xa que logo, unha educación de calidade, si non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales atópase constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo, adquire o seu auténtico cumprimento na procura do sentido último da vida.

Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa -tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade- nos símbolos e signos da súa contorna, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativo da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

O ensino relixioso católico como materia integrada no currículo do alumno contribúe tamén, de xeito importante, ao desenvolvemento das competencias clave do currículo. Con todo, esta contribución non basta para que a área de relixión e moral católica concrete e especifique as súas propias competencias.

O ensino relixioso católico aporta elementos básicos en canto ao logro da **competencia en comunicación lingüística** (CCL) pois sérvese da linguaxe académica, das linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, nos diversos modos de comunicación que a acción de Deus sobre o home utilizou. A súa revelación é rica en distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza da expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, a linguaxe, en fin, testimonial que fai posible a transmisión vital do crido.

Respecto da **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCT) contribúe a expresar as ideas con rigor e orde, e a aprender a argumentar os diferentes contidos da materia estimando e xulgando a lóxica de tal argumentación. O desenvolvemento da ensinanza da relixión axuda a adquirir a competencia da busca da verdade a través da razón e do razoamento hipotético-dedutivo.

A Doutrina Social da Igrexa conecta a relixión co mundo físico, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio e consigo mesmo. Aporta unha valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía.

Tamén apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren dende esta competencia, porque o cristián entende a Natureza como creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta.

A área de relixión integra a utilización das TIC para informar, aprender e

comunicarse. Busca, obtén e analiza información sobre a realidade relixiosa, a procesa, a comunica e a transforma en coñecemento. Así, a pesares de que o saber específico da área non está relacionado de forma directa coas novas tecnoloxías, si se está a contribuír, igual que as outras materias do currículo de Educación Primaria establecido pola Lomce, na consecución da **competencia dixital** (CD).

O ensino relixioso contribúe positivamente ao desenvolvemento da competencia de **aprender a aprender** (CAA) no estudo e reflexión da mensaxe cristiá facilitando o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario, propoñendo non só unha proposta consensuada de valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que deberá ser crisol na procura da verdade e do ben.

<p>Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orden e Matrimonio. A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz. Os cristiáns, testemuñas da resurrección.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Diferenciar a aportación dos sacramentos de servizo a misión da Igrexa. 2. Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua. 3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orden e Matrimonio están ao servizo da Igrexa. 1.2. Aprende e diferenza os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orden e o Matrimonio. 2.1. Extrapola e explica os principais signos pascuais. 2.2. Crea unha composición onde se exprese a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado. 3.1. Selecciona testemuñas de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.

4.1. TEMPORALIZACIÓN

A materia está estruturada en catro bloques común aos diferentes cursos da etapa. A temporalización será igualmente común:

Bloque 1: Inicio de curso - primeira quincena de novembro.

Bloque 2: Segunda quincena de novembro – xaneiro.

Bloque 3: Febreiro - primeira quincena de abril.

Bloque 4: Segunda quincena de abril - fin de curso.

4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Alcanzarase unha cualificación positiva en cada unha das avaliacións e na final, si o alumno ou alumna consegue superar os criterios de avaliación e mínimos esixibles. Estes mínimos serán:

1º de EP

- o Descubrir que Deus é Pai e cóidanos
- o Apreciar o amor de Deus ao home e á súa creación.
- o Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.

2º de EP

- o Coñecer a figura de María como nai de Xesús.
- o Coñecer o relato do nacemento de Xesús.
- o Identificar o sacramento do Bautismo.

3º de EP

- o Comprender a importancia de Moisés para o pobo de Israel.
- o Valorar a misión da Igrexa como continuadora da misión de Xesús.
- o Identificar o Nosopai como a oración dos cristiáns.

4º de EP

- o Coñecer a figura do rei David.
- o Comprender algunha parábola do perdón.
- o Identificar o sacramento da Reconciliación e a Eucaristía.

5º de EP

- o Coñecer a estrutura da Biblia.
- o Descubrir a importancia do Decálogo.
- o Valorar a resurrección de Xesús.

6º de EP

- o Valorar a plenitude aportada pola relación con Deus.
- o Recoñecer aos discípulos como continuadores da misión de Xesús.
- o Identificar os sacramentos de servizo: Confirmación, Orde e Matrimonio.

4.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Aplicarase o principio de avaliación continua, fundamentado no seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe. Os pasos serán:

- Avaliación inicial: A súa finalidade é coñecer os preconceptos que os alumnos e alumnas posúen da temática a tratar. Efectuarase unha serie de preguntas relacionadas con cada unidade temática de maneira que nos permita establecer o punto do que partir.
- Avaliación formativa: En cada unha das tres avaliacións procederase a controlar o grado de consecución dos estándares, criterios de avaliación e mínimos establecidos.
- Avaliación sumativa: Indicaranos o nivel de aprendizaxe alcanzado polo alumnado en relación coas capacidades indicadas nos estándares establecidos.

Os procedementos e instrumentos que se utilizarán son:

- A observación sistemática do traballo do alumno ou alumna: a súa atención, o seu esforzó, o fomento dun bo clima de aula, a participación activa nas actividades, a exposición de dúbidas, a resolución de exercicios, etc. (40%)
- A implicación nos traballos realizados no libro, caderno, no ordenador, nas actividades impresas, así como en cada un dos proxectos de investigación realizados. (40%)
- Probas orais e escritas. (20%).

Restaráselle 0,2 puntos cada vez que o alumno ou alumna non mostre unha actitude axeitada (cara á aula, cara o material e cara os demais compañeiros) ou cada vez que incumpra as normas de aula e de traballo propostas.

A periodicidade da análise da información extraída destes instrumentos permitirá profundar ou repasar, así como detectar as posibles dificultades de aprendizaxe. Alcanzarase unha cualificación positiva en cada unha das avaliacións e na final, si o alumno ou alumna consegue superar os criterios de avaliación e mínimos esixibles.

Estas diferentes concrecións quedan explicitadas nas táboas que aparecen a continuación.

1º CURSO					
Estándares de aprendizaxe	1ªAv	2ªAv	3ªAv	Procedementos e instrumentos de avaliación	Mínimos
<i>Bloque 1: O sentido relixioso do home</i>					
1.1 Coñece, respecta e coida a obra creada.	x			Proba escrita	Igual
1.2 Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.	x			Rúbrica	Expresao oralmente

2.1 Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.	x			Observación	Identifica a Deus como Pai
3.1 Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece algún personaxe
3.2 Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.	x			Observación	Recoñece unha oración
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.					
1.1 Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Identifica a Abraham e Moisés
1.2 Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.	x	x		Observación	Recoñece o amor de Deus
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.					
1.1 Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Belén, Nazaret, Xerusalén
2.1 Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.		x	x	Observación	Identifica a crucifixión
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.					
1.1 Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Diferencia igrexa/Igrexa
2.1 Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.			x	Observación	Identifica unha igrexa
3.1 Coñece e expresa o sentido do domingo.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Domingo=festivo

2º CURSO					
Estándares de aprendizaxe	1ªAv	2ª Av	3ªAv	Procedementos e instrumentos de avaliación	Mínimos
Bloque 1: O sentido relixioso do home					
1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e ás persoas da súa contorna.	x			Observación	Identifica momentos alegres
2.1 Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.	x			Observación	Valora ás outras persoas
3.1 Valora e agradece que Deus creouno para ser feliz.	x			Observación	Valora o amor de Deus
4.1 Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece o relato
4.2 Identifica e representa gráficamente os dons que Deus fai ao home na creación.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Identifica estes dones
4.3 Expressa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.	x			Observación	Sabe dar as grazas
Bloque 2. A revelación: Deus intervéñ na historia.					
1.1 Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.	x	x		Observación	Coñece algún relato
1.2.. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Sabe representar algunha
2.1. Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.	x	x		Observación	Manexa os recursos TIC
2.2 Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.	x	x		Rúbrica	Participa en dramatizacións
3.1 Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.	x	x		Rúbrica	Reproduce historias
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.					
1.1 Le e expresa, verbal ou gráficamente, o relato da Anunciación.		x	x	Proba escrita	Igual
1.2 Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.		x	x	Rúbrica	Participa en dramatizacións



2.1 Identifica os signos de Advento como tempo de espera.		x	x	Observación	Advento Nadal
2.2 Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.		x	x		Sabe esperar
3.1 Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.		x	x	Proba escrita	Igual
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.					
1.1 Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.			x	Proba escrita	Igual
1.2. Identifica aos pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Recoñece os personaxes
2.1 Asocia os elementos materiais do auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Recoñece os elementos
3.1 Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.			x	Observación	Comprende a imaxe
3.2. Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.			x	Observación	Recoñece a Deus Pai
4.1 Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.			x	Observación	Identifica o calendario

3º CURSO					
Estándares de aprendizaxe	1ªAv	2ª Av	3ªAv	Procedementos e instrumentos de avaliación	Mínimos
Bloque 1: O sentido relixioso do home					
1.1 Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou a contorna son un agasallo.	x			Observación	Valora a amizade
1.2. Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Enumera persoas queridas
2.1 Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.	x			Observación	Recoñece momentos felices

3.1 Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece o relato
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.					
1.1 Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.	x	x		Proba escrita	Igual
1.2 Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.	x	x		Proba escrita	Igual
2.1. Expresa gráficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar ao pobo.	x	x		Proba escrita	Igual
2.2 Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que poden ter na vida actual.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece a Alianza
3.1 Deseña de xeito ordenado viñetas que recollan os signos da amizade de Deus durante a travesía do seu pobo polo deserto.	x	x		Rúbrica	Exprésase graficamente
3.2 Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.	x	x		Observación	Sabe agradecer
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.					
1.1 Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece o sacramento
2.1 Descubre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices aos homes.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Identifica algún milagre
2.2 Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.		x	x	Observación	Valora o perdón
3.1 Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Identifica algún discípulo
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.					
1.1. Busca testemuños da acción misionera e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.			x	Proba escrita	Igual
1.2 Crea relatos breves para expresar como a acción misionera, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.			x	Rúbrica	Fai relatos breves

2.1 Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Crea oracións breves
2.2 Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza cotidianamente.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Sabe o Nosopai
3.1 Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece algún santo
4.1 Explica significativamente a orixe do Nosopai.			x	Proba escrita	Igual
4.2 Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos.			x	Rúbrica	Participa en dramatizacións

4º CURSO					
Estándares de aprendizaxe	1ªAv	2ª Av	3ªAv	Procedementos e instrumentos de avaliación	Mínimos
Bloque 1: O sentido relixioso do home					
1.1 Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Identifica o mal moral
1.2 Cualifica o tipo de pecado en situacións da súa contorna e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.	x			Observación	Recoñece o pecado
2.1 Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.	x			Observación	Valora o perdón
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.					
1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.	x	x		Observación	Actualiza o relato
1.2 Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Valora a amizade con Deus
2.1 Descobre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece parábolas do perdón

3.1 Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.	x	x		Proba escrita	Igual
4.1 Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.	x	x		Observación	Reflexiona sobre sí
4.2 Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.	x	x		Rúbrica	Exprésase gráficamente
5.1 Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.	x	x		Observación	Le algunha pasaxe
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.					
1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	A parábola do fillo pródigo
2.1 Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.		x	x	Observación	Identifica algunha obra
3.1 Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece algunha pasaxe
4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece a Paixón
4.2 Distingue e explica frases do relato da oración do Horto dos Olivos que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece este episodio
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.					
1.1 Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.			x	Observación	Sinte arrepentimento
1.2 Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.			x	Proba escrita	Igual
2.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.			x	Proba escrita	Igual
3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.			x	Rúbrica	Investiga

5º CURSO					
Estándares de aprendizaxe	1ªAv	2ª Av	3ªAv	Procedementos e instrumentos de avaliación	Mínimos
Bloque 1: O sentido relixioso do home					
1.1 Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo human do ben. Comparte co seus compañeros os trazos máis significativos	x			Observación	Recoñece a Noé
2.1. Xustifica críticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece o relato
2.2 Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Actualiza o contido
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.					
1.1 Define o término bíblico de Alianza.	x	x		Observación	Coñece a Alianza
1.2. Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Sabe explicala
2.1 Clasifica e é consciente do contido do decálogo.	x	x		Proba escrita	Igual
2.2. Describe experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.	x	x		Proba escrita	Igual
3.1 Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.	x	x		Proba escrita	Igual
4.1 Confecciona materiais para situar cronoloxicamente os principais libros da Biblia.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Sabe das súas diferencias
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.					
1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece a Mateo

2.1 Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	A multiplicación dos pans e os peixes
2.2 Dramatiza con respecto algúns milagres narrados nos evanxeos.		x	x	Rúbrica	Participa en dramatizacións
3.1. Extrapola as afirmación das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstoles onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Identifica a resurrección
3.2. Reconstrúe utilizando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos		x	x	Observación	Utiliza as TIC
3.3 Busca e explica signos e xestos da Comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Identifica á Igrexa
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.					
1.1 Identifica e describe os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Recoñece aos sacerdotes
2.1 Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece o relato
2.2 Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece a institución da Eucaristía

6º CURSO					
Estándares de aprendizaxe	1ªAv	2ª Av	3ªAv	Procedementos e instrumentos de avaliación	Mínimos
Bloque 1: O sentido relixioso do home					
1.1 Identifica e xuzga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Diferenza ben/mal

2.1 Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais	x			Rúbrica	Participa en audicións con interese
3.1 Descubre e explica por qué os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divinidade.	x			Análise de traballo na libreta, libro...	Recoñece diferentes ritos funerarios
4.1 Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambio para potencia os dereitos humanos, á convivencia, ó progreso e á paz.	x			Proba escrita	Igual
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.					
1.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Le os libros sapienciais
1.2 Investiga e contrasta a sabiduría popular con expresións da sabiduría de Israel emitindo un xuízo persoal.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Coñece expresións relixiosas no refraneiro popular
1.3 Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.	x	x		Análise de traballo na libreta, libro...	Actualiza a sabedoría bíblica
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.					
1.1 Busca nos discursos do evanxeo de Xoan frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.		x	x	Proba escrita	Igual
1.2 Identifica e sintetiza os rasgos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoan.		x	x	Proba escrita	Igual
2.1 Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai con situacións que viven os seres humanos.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Actualiza a mensaxe de Xesús
3.1 Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.		x	x	Proba escrita	Igual

3.2 Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.		x	x	Análise de traballo na libreta, libro...	Entende a misión da Igrexa
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.					
1.2 Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio			x	Proba escrita	Igual
2.1 Extrapola e explica os principais signos pasuais.			x	Análise de traballo na libreta, libro...	Entende o significado do cirio pasual
2.2 Crea unha composición onde se exprese a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.			x	Rúbrica	Exprésase graficamente
3.1 Selecciona testemuños de cristiáns e Xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.			x	Proba escrita	Igual

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo. En concreto na área de Relixión Católica: os alumnos e alumnas deben comprender a mensaxe cristiá, a cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumnado adquiera as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade se non se desenvolven todas as capacidades inherentes

ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser; o alumno vai descubrindo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e na humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia, e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

En resumo, a materia de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará como principios básicos:

- O recoñecemento do novo rol do docente.
- A adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.
- O respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a.

- A consideración da dimensión humanista.
- O respecto pola curiosidade e inquietudes dos nenos e nenas.
- O seguimento dos criterios de avaliación educativa.
- O desenvolvemento da aprendizaxe cooperativa.
- A utilización educativa de recursos tecnolóxicos.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Serán utilizados como material básico para a Educación Primaria libros de texto de Relixión e Moral Católica editados por diferentes editoriais, todos eles axustados ao currículo da área, establecido pola Conferencia Episcopal Española o 24 de febreiro de 2015.

Manexaranse na aula outros materiais, tanto textuais como audiovisuais ou informáticos, proporcionados por ONGs como Manos Unidas, Entreculturas ou Intermón- Oxfam, entre outras, especialmente elaborados para os cursos da Educación Primaria, e que están deseñados especificamente para traballar os contidos transversais e a educación en valores (non violencia, interculturalidade, ecoloxía, etc.).

Por outra banda, o texto de referencia por excelencia nas clases de Relixión e Moral Católica é a Biblia, onde está contida a Palabra de Deus revelada e pilar fundamental da fe cristiá. Dada a idade dos rapaces, unhas veces será utilizada na súa versión habitual e, noutras ocasións, utilizaremos adaptacións infantís.

Tamén servirán de apoio todos aqueles materiais relacionados coa materia, como poden ser: películas de vídeo, DVD, power-point, diapositivas, transparencias, recursos interactivos, etc.

Outro recurso de apoio serán os diferentes tipos de xogos, dominós, crebacabezas, materiais de expresión plástica..., que achegan os contidos aos nenos de maneira atractiva e o mesmo tempo significativa.

Ademais, contamos con diversos blogs, entre eles o de “A Roda Multicolor”, para potenciar a competencia dixital dos nenos e nenas. Tamén pertencemos á microrrede *Colesamigos*, na que varios coles da zona traballan cooperativamente na materia de Relixión.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E Á INCLUSIÓN

A variedade de grupos e de alumnos requirirá intervencións concretas e a elaboración duns materiais específicos segundo os casos.

Nos materiais editados tívose en conta esta circunstancia de diversidade e bríndanse múltiples posibilidades de traballo capaces de atender a colectivos de diversa índole. Non obstante, é o profesor, no contexto concreto da súa clase, o que debe detectar, despois da avaliación inicial, as características do funcionamento dos grupos, identificar fortalezas e problemáticas e, en consecuencia, planificar estratexias, metodoloxías, xestión de aula, etc., así como seleccionar que contidos deben ser traballados e cales non, e a maneira de facelo, en función das características individuais de cada alumno.

Nas unidades didácticas inclúense contidos para aqueles alumnos que poden ampliar o desenvolvemento das súas capacidades. Tamén se teñen en conta os alumnos con dificultades para realizar todo o desenvolvemento do proceso. Pensando nestes, ofrécense sínteses moi breves e actividades sinxelas que facilitan o desenvolvemento axeitado.

En cada unidade didáctica poderán seguirse indicacións específicas para o tratamento da diversidade e proporanse exercicios de reforzo e de ampliación.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Aparte das diferentes actividades que se propoñen nos libros de texto intentaremos levar a cabo, dentro das posibilidades circunstanciais concretas, outras que contribúan a conseguir os obxectivos que se teñen previstos:

- Posibles visitas a diferentes lugares que sexan pontes entre a vida cotiá e as manifestacións artísticas de índole relixiosa: museos, catedrais, igrexas...
- Toma de contacto con algunha ONG para posibilitar que o alumnado coñeza a importante labor que están a realizar e acordar neles a conciencia do necesario que é a día de hoxe o traballo social voluntario para intentar cambiar o mundo.
- Uso de medios de comunicación social que axudan a establecer un nexos maior de unión coa sociedade onde están inmersos os rapaces/as.
- Uso de audiovisuais e medios dixitais como material complementario na aula.
- Realización de Proxectos, que fomentan o traballo en equipo, aprender a desenvolverse en grupo, compartir non só coñecementos senón tamén o seu tempo e os seus materiais, impulsan a investigación, o aprender a aprender, o tratamento de información e a reflexión crítica.
- Lecturas complementarias que sirvan de cimentación para o estudiao na aula.

Para o presente curso académico 2021-2022 non se programan actividades extraescolares específicas para a área de Relixión e Moral Católica na etapa de Educación Primaria; mais colaboraremos e participaremos de maneira activa e dentro das posibilidades concretas en todas aquelas que sexan propostas pola comisión de actividades extraescolares do centro.

9. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A escola é un lugar privilexiado de convivencia. É un espazo de crecemento, de encontro, de aprendizaxe, de experiencias compartidas, de recoñecemento dos outros e

de descubrimento do mundo. Podemos atopar nela as situacións conflitivas da sociedade, pero tamén as posibilidades de superación e integración que favorecen os ambientes educativos. Son estes últimos aspectos os que imos potenciar, porque a escola é, sen dúbida algunha, un taller insuperable para aprender a convivir.

Buscaremos que os nenos e as nenas medren, aprendan e maduren xuntos, nun ambiente educativo de auténtica convivencia, para facer deles cidadáns capaces de asumir as diferencias, respectar aos outros, dialogar e convivir. O obxectivo primordial será crear un clima de respecto e harmonía, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos e se sintan seguros e respectados.

Partindo desta base, tenderemos a proxectar no alumnado valores cristiáns e humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia.

10. CONCRECIÓN DO PLAN TIC

No marco do plan global de centro sobre as tecnoloxías da información e da comunicación, integrar as TIC no proceso educativo é unha aposta ineludible. Por iso, xunto coas formas tradicionais de aprendizaxe, serán incorporados na práctica da aula materiais interactivos que complementen aos anteriores.

Nesta etapa de Educación Primaria o achegamento as tecnoloxías da información e da comunicación terá como obxectivos:

En 1º e 2º, o manexo de programas adaptados ao nivel.

En 3º e 4º, a creación de ficheiros (imaxes, textos, etc.) e o arquivo mediante carpetas ficheiros.

En 5º e 6º traballo co programa Edixgal e inicio no manexo de internet, do blogue e do correo electrónico.

11. ENSINO NON PRESENCIAL

Chegado o caso as tarefas a realizar polo alumnado determinaranse preferentemente a

través da aula virtual do centro garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

Para a comunicación cos alumnos e as familias utilizaranse preferentemente as plataformas e medios telemáticos corporativos e mais concretamente o correo electrónico.

12. TEMAS TRANSVERSAIS

O sistema educativo debe recoller e potenciar os valores que se requiren para vivir nunha sociedade democrática responsable e igualitaria. A área de Relixión e Moral Católica os asume e os fundamenta dende unha perspectiva cristiá.

Estes temas transversais están presentes ó longo de todo o proxecto educativo:

- Están presente nas actividades iniciais das diferentes unidades didácticas.
- Están implicados en diversas actividades de aplicación.
- Están vinculados ós contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

Educación para a convivencia.

A partir desta área derivan actitudes nos nenos e nenas de tolerancia, respecto e non discriminación. Aquí é importante subliñar os valores cristiáns de amor, caridade, unión, comunidade, perdón, solidariedade, comprensión, universalidade, etc., como o aporte cristián a unha cultura universal da igualdade.

Educación para a inclusión.

A mensaxe evanxélica é unha mensaxe de acollida, de igualdade e de inclusión.

Educación para a paz.

A mensaxe de Xesús é unha mensaxe de paz: “Deixo a miña paz...”, “Que a paz sexa convosco”...

Esta área é un pilar fundamental para fomentar unha cultura de paz.

Educación non sexista.

Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres. No cristianismo todos e todas somos iguais. Xesús contou con mulleres dentro do grupo dos seguidores mais próximos e Deus elixiu mulleres para misións moi especiais: María, Esther, Xudit, Tareixa de Xesús, etc.

Educación multicultural.

É importante destacar o papel da Igrexa e dos valores cristiáns á hora de abolir a escravitude e para loitar polos dereitos dos pobos aborixes, e tamén unha crítica para os momentos nos que non foi así.

Destacar que a Igrexa actual é unha institución na que caben tódalas razas, tódalas linguas, tódalas nacionalidades...

Por outra banda hai que educar na actitude de respecto hacia outras culturas e credos, fomentando a visión da diversidade como unha das riquezas máis valiosas do ser humano.

Educación medioambiental

O coidado do planeta é un dos presupostos básicos da mensaxe cristiá. Somos depositarios da Creación, regalo de Deus, para nós e para todas as xeracións futuras.

Educación para o desenvolvemento

A opción de preferncia polos pobres presente no evanxeo educa na gratuidade, na xenerosidade, na solidariedade e na sensibilización polos problemas dos mais desfavorecidos. Traballar na construción dun mundo mellor para todos é unha esixencia evanxélica.

12. ACCIÓN PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR

No horario xeral do centro hai un tempo diario adicado de xeito exclusivo á lectura; é a "Hora de Ler". Neste tempo, en función da idade e dos cursos, os nenos e nenas,

ben elixen a lectura que desexan en cada momento e adícanse a ela, ben realizan lecturas guiadas ou ben léselles (no caso de Educación Infantil) libros adaptados ao seu nivel.

Sen prexuízo do anterior, nas clases de Relixión e Moral Católica a lectura de textos é unha práctica común e habitual. Non en balde é a Biblia un pilar de referencia da materia.

Serán así mesmo lidos na clase contos sobre valores, revistas misioneras, prensa diaria e revistas de variadas materias.

13. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Ao finalizar cada unidade didáctica levarase a cabo unha avaliación da mesma, seguindo unha batería de preguntas (sobre a temporalización, o desenvolvemento dos obxectivos didácticos, o manexo dos contidos, os descritores e desempeños competenciais, as tarefas e estratexias metodolóxicas, os criterios de avaliación e a súa claridade, as evidencias dos estándares de aprendizaxe, a adopción adecuada das posibles medidas de atención á diversidade...) que permitan valorar o funcionamento na aula e poder así establecer estratexias de mellora.

De igual xeito, este proceso realizarase ao final de cada trimestre para avaliar a programación didáctica no seu conxunto e poder introducir cambios no seguinte trimestre.

Os indicadores de logro utilizados serán os que aparecen nas seguintes táboas

Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ó alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender ó alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse axeitadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Empregáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino aprendizaxe?				
7.- Préstase atención aos temas transversais?				
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
10.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,..?				

14. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS QUE SE POIDAN ADOPTAR

A comezos do curso realizarase a avaliación inicial co fin de establecer o nivel dos alumnos.

Unha vez realizada a avaliación inicial teremos en conta os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe, como son: alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, outros con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar.... As medidas a adoptar poderán ser múltiples e variadas, sempre en función das necesidades específicas detectadas e dos recursos cos que poidamos contar, non só na propia clase senón tamén a nivel centro. Poderán ser tanto reforzos, como actividades de ampliación, agrupamentos específicos dentro do grupo-clase, potenciación do traballo cooperativo, xestións flexibles dos tempos de traballo, etc.